



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES As Mariñas

Avda. da Coruña nº6

15300 - Betanzos

Teléf: 881880254, FAX: 881880274

ies.asmarinas@edu.xunta.es

www.iesasmarinas.net



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



## Comunicación ás familias pola dirección do IES AS Mariñas

Prezadas familias:

Neste momento excepcional preséntasenos o reto de atender ao alumnado de forma non presencial e favorecer o traballo en casa para así evitar unha desconexión da actividade lectiva ao longo destes días.

O pasado venres, en xunta de delegados, fíxoselle saber ao alumnado o seguinte:

- A comunicación do alumnado co profesorado será por correo electrónico. A tal efecto os titores estiveron recollendo dirección de todos os seus alumnos e alumnas para que o profesorado poida poñerse en contacto con eles e despois usar as distintas ferramentas de comunicación e aprendizaxe (aula virtual, google drive, blogues, ..).
- O alumnado debe consultar o seu correo electrónico a diario.
- As actividades serán de repaso e non avaliábeles agás no caso de 2º de bacharelato onde se buscarán os medios para recibir novos contidos.
- No tocante á segunda avaliación e aos exames programados, preferimos esperar á vindeira semana para ver como evolucionan os acontecementos e reorganizar datas.

Somos conscientes de que, por motivos diversos, non se cumpren en todos os casos os requisitos necesarios para que os alumnas e os alumnos poidan levar a cabo o traballo completamente, pero sabemos que o profesorado e os titores e titoras en particular, están facendo un esforzo para tratar de chegarao alumnado. Suliñamos, para a tranquilidade das familias, que as autoridades educativas, indican que as actividades deben ser « actividades xenéricas [...] non terán carácter de avaliábeles».

Para calquera dúbida ou consulta, temos o contacto do correo do centro [ies.asmarinas@edu.xunta.gal](mailto:ies.asmarinas@edu.xunta.gal). Trataremos de que a información actualizada se poida consultar na páxina do centro.

Un cordial saúdo

O equipo directivo